



A Agrupación Deportiva Natural de Ribadavia convoca a tódolos seus socios ó campeonato social de auga doce da tempada 2016 que se celebrará o vindeiro sábado 2 de Xullo, baixo as seguintes BASES:

PARTICIPACIÓN

- Poderán participar tódolos socios inscritos ata a data límite de inscrición que estean ao corrente de pago da cuota anual de socio.
- Os catro primeiros clasificados serán os representantes do club no campeonato autonómico da modalidade que terá lugar os días 24 e 31 de Xullo. A partir do 5º clasificado quedarán de reservas para substituír os clasificados en caso de que non poidan asistir.

ESCENARIO E HORARIOS

- Desenvolverase no escenario do Encoro de Albarellos.
- A concentración será as 15:00 h. para efectuar o sorteo de postos, na Cafetería “Josiño” de Beade.
- A proba disputarase a unha soa manga cunha duración de tres horas: De 16:30 a 19:30 h.
- A pesaxe realizarase nos postos unha vez finalizada a proba e a entrega de trofeos no mesmo escenario as 20:00 h.

NORMAS DE DESEÑO

Como normas xerais seguiranse as reflectidas na “ORDE do 28 de xaneiro de 2016 pola que se establecen as normas de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia durante a tempada de 2016” e no “Regulamento de Competicións da FEPyC”, entre as que destacamos as seguintes:

- CANAS, con ou sen carrete. Máximo 13 metros.
- LIÑAS con flotador suxeito por un ou dous puntos, fixo ou deslizante, con un só anzol.
- ENGODOS vexetais ou pensos.
- POSTOS de 10 metros mínimo.
- PUNTUACIÓN para clasificar o resultado dos participantes será aplicada polo regulamento da FEPyC, e dicir 1 punto por gramo de peso.
- CEBOS ou ENGADOS:** permítese o uso dos cebos autorizados polas normas da Xunta de Galicia para a pesca no encoro de Albarellos nesta época do ano. **¡Olló!:** “Os engados naturais só poderán empregarse con anzois de dimensións maiores ou iguais que as que se sinalan no anexo I da Orde do 28 de Xaneiro de 2016”.

PREMIOS

- Haberá trofeos para os 3 primeiros clasificados.

NOTA.- A inscrición dos pescadores participantes deberase realizar antes das 12:00 h. do 1 de Xullo de 2016 e poderán facelo chamando a o móbil 699 954 985 ou por e-mail a: gabriel@adnpescaRibadavia.es

Ribadavia, 26 de Xuño de 2016